

Liga de debate da economía social

REGULAMENTO DE COMPETICIÓN



CONTIDO

CAPÍTULO I. OBXECTO E ORGANIZACIÓN XERAL	1
CAPÍTULO II. CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN	1
CAPÍTULO III. EQUIPOS.....	2
CAPÍTULO IV. XURADO	3
CAPÍTULO V. COMITÉ DE COMPETICIÓN	4
CAPÍTULO VI. SALAS.....	4
CAPÍTULO VII. PROCEDEMENTO DOS DEBATES.....	5
CAPÍTULO VIII. PENALIZACIÓNS	9
CAPÍTULO IX. NORMAS DE COMPORTAMENTO	10

CAPÍTULO I. OBXECTO E ORGANIZACIÓN XERAL

Artigo 1. Este regulamento ten por finalidade regular e ordenar o desenvolvemento da Liga de Debate da Economía Social organizada pola Rede Eusumo no seu exercicio de promotora das políticas e responsable de accións formativas no eido da economía social.

A participación nesta Liga de Debate da Economía Social supón a comprensión, aceptación e cumprimento deste regulamento.

Artigo 2. A competición celebrarase os días 15 e 16 de marzo en Santiago de Compostela, A Coruña.

Artigo 3. A competición, baixo a premisa de completar o número de inscricións, comezará cunha fase de **Cuartos de final**, iniciándose con 8 equipos. En caso de que houberse suficientes equipos inscritos, valoraríase a opción de facer unha estrutura de **oitavos de final**.

Artigo 4. Os temas sobre os que versarán os debates son dous:

Tema fases iniciais:

É Galicia territorio para economía social?

Tema fase semifinal e final:

É a economía social a economía do futuro?

CAPÍTULO II. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 5. Poderanse inscribir a esta liga **equipos integrados por estudantes maiores de idade no momento da inscrición** e con matrícula durante o curso académico no que se desenvolva a competición en estudos de:

- Graos, másteres oficiais ou programas de doutoramento das respectivas universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Escolas de negocios de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Bacharelato e Ciclos de Formación Profesional de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Os nomes que usen os equipos para a súa identificación e inscrición deberán versar sobre aspectos relacionados coa Economía Social.

Artigo 6. O proceso de inscrición costa de tres fases.

Nun primeiro lugar, realizarase unha pre-inscrición online (nome do equipo, nome dos integrantes e rol que asumirá cada un deles). De acordo co criterio establecido (orde de pre-inscrición), procederase á selección dos equipos participantes.

Unha vez seleccionados, en segundo lugar, estes deberán confirmar os seus datos e a súa inscrición, que será gratuíta. Nesta fase pódense facer cambios nos membros integrantes dos equipos pero nunca do nome do equipo.

A falta de inscrición imposibilitará a participación dos equipos na competición.

Por último, a organización do evento confirmaralle aos equipos a súa participación.

Artigo 7. Mediante a súa inscrición, as persoas participantes prestan o seu consentimento para a realización de vídeos e fotografías durante o debate.

CAPÍTULO III. EQUIPOS

Artigo 8. Ningún participante poderá formar parte de máis dun equipo.

Artigo 9. Cada equipo estará composto por entre 3 e 5 persoas, das que unha exercerá a capitanía e as restantes serán oradoras-investigadoras.

Os equipos deben presentarse en cada debate por completo aínda que non ten que ser comunicado ata o inicio do debate o número e perfil das persoas que intervirán nel, que en todo caso deben ser polo menos 2 persoas oradoras-investigadoras e o capitán como perfil inamovible.

O número e perfil das persoas que interveñan poden variar entre debate e debate, sempre respectando a composición de equipo comunicada na inscrición.

Procurarase a cooperación entre todos os perfís para enriquecemento de cada equipo e do debate.

Artigo 10. Dende a capitanía exercerase a función de liderado, comunicación co xurado e elaboración da estratexia. A función de comunicación co xurado inclúe a recepción do sobre de posturas (a favor ou en contra) do seu equipo. Ademais a persoa que exerza a capitanía terá un rol de complemento á investigación.

Artigo 11. As persoas que exerzan a oratoria-investigación serán encargadas de debater e defender as posturas do seu equipo, ademais de dotarse de toda

a información que lles sexa de utilidade á hora de elaborar as súas liñas argumentais.

Artigo 12. De existir persoas oradoras- investigadoras que non debatan, estas serán as responsables da investigación, levando a cabo a función de recollida de información, comunicación cos demais membros do grupo e reporte continuo de datos.

Artigo 13. Durante o transcurso da liga admitiranse cambios concretos nos equipos tal e como se matiza:

- A figura de capitán é inamovible
- Calquera das outras persoas, a excepción da capitán, pode exercer en oratoria, en oratoria-investigación ou en investigación, segundo a estratexia definida por cada equipo.
- Permítese a rotación interna nos postos exercidos dentro do equipo nas diferentes sesións de debate nas que se participe, respectando a figura da capitán e a composición de persoas orixinal que foi comunicada no momento da inscrición.
- Antes do inicio de cada debate o capitán deberá comunicarlle ao xurado correspondente a composición concreta do seu equipo para esa sesión. Farase mediante nota escrita na que conste: nome do equipo, persoa que exerce a capitán e perfís que intervirán no debate.

CAPÍTULO IV. XURADO

Artigo 14. Todos os debates contarán cun xurado composto por un mínimo de 2 e un máximo de 3 persoas, a excepción das fases semifinais e final, nas que o número variará para dar cabida á maior pluralidade e matización de opinións.

Das persoas integrantes dun xurado en cada debate, unha asumirá as funcións de xuíz/xuíza principal e, polo tanto, será a autoridade principal na sala onde se desenvolve o debate antes, durante e despois de rematado.

As persoas que compoñan o xurado serán seleccionados pola dirección da liga, sendo todas profesionais da área da Economía Social.

Artigo 15. Os membros do xurado serán presentados na xornada de inauguración da liga de debate, momento a partir do cal se poderá exercer o dereito a recusación ata o inicio do primeiro debate.

A recusación dun membro do xurado debe presentarse por escrito pola capitanía do equipo ante o Comité de Competición, expoñendo claramente por escrito as razóns que sustentan dita petición.

Se algún membro do xurado desexa absterse de xulgar algún equipo en concreto, presentará os seus motivos ao Comité de Competición.

O Comité de Competición resolverá en ambos casos.

CAPÍTULO V. COMITÉ DE COMPETICIÓN

Artigo 16. A organización da liga de debate da economía social estará dirixida por un Comité de Competición que a Rede Eusumo constituirá para tal efecto e que as persoas participantes na liga de debate poderán consultar ao comezo da liga.

Artigo 17. Entre a súas funcións constarán:

- Garantir, dentro das súas posibilidades, o correcto transcorrer desta liga.
- Velar polo cumprimento do regulamento por parte dos membros do xurado, participantes e asistentes.
- Facer efectiva a expulsión de quen vulnere de maneira significativa o regulamento.
- Tramitar e resolver cantas alegacións poidan ser presentadas.
- Analizar e atopar solución aos diversos aspectos, problemas ou sucesos que non estean contemplados neste regulamento.
- Modificar o regulamento se as circunstancias así o requiren buscando o correcto transcorrer da liga.

Artigo 18. Calquera alegación ou reclamación deberá presentarse no transcurso da xornada de debate e sempre antes da comunicación de resultados.

CAPÍTULO VI. SALAS

Artigo 19. A organización da liga fará o posible para que cada sala conte coas seguintes especificacións técnicas:

- Un atril para os/as oradores/as ou equivalente.
- Unha mesa para cada equipo, colocada segundo criterio da organización.

- Un espazo con mesa para os membros do xurado, con visión/audición clara, ampla e privilexiada do debate.
- Cronómetro visible tanto para oradores/as, equipos como para os membros do xurado.
- Un espazo detrás do xurado que será o reservado para o público.

CAPÍTULO VII. PROCEDEMENTO DOS DEBATES

Artigo 20. Nos debates soamente poderá ser usada a lingua galega.

Artigo 21. Os emparellamentos de equipos serán confeccionados pola organización da liga mediante sorteo, que se fará de forma pública dúas horas antes do inicio da competición.

Artigo 22. Inmediatamente antes do inicio de cada debate, a persoa que exerce a capitanía de cada equipo deberá entregarlle ao/a xuíz/a principal a folla de equipo na que se especificarán os membros do equipo e a orde de intervención de cada un, así como o papel que adoptará cada membro (capitanía, oratoria e/ou investigación).

Artigo 23. En cada debate enfrontaranse dous equipos, que defenderán posturas supostamente opostas, de xeito que un equipo defenderá a postura “a favor” e o outro, a postura “en contra”.

A postura que adoptará cada equipo será decidida por sorteo inmediatamente antes do comezo de cada debate a sobre pechado. O sorteo será levado a cabo polo/a xuíz/a principal da sala coa presenza das capitanías de ambos equipos.

O Comité de Competición considera interesante que os equipos sexan capaces de atopar os puntos de colaboración, consenso e solución deste enfrontamento de posturas cos seus argumentos ao longo da liga, de aí a consideración de posturas “supostamente” opostas, xa que en economía social búscase a cooperación entre puntos de vista diverxentes nos diversos ámbitos de actuación.

Artigo 24. Todos os debates comezarán e rematarán coa postura “a favor”. As quendas de intervención durante o transcurso do debate seguirán a seguinte orde:

1. Equipo AF: Exposición: 3 minutos.	2. Equipo EC: Exposición: 3 minutos.
3. Equipo AF: Refutación 1: 4 minutos.	4. Equipo EC: Refutación 2: 4 minutos.
5. Equipo AF: Refutación 2: 4 minutos	6. Equipo EC: Refutación 2: 4 minutos.
7. Equipo EC: Conclusión: 3 minutos.	8. Equipo AF: Conclusión: 3 minutos.

Lenda: [AF: A favor; EC: en contra]

Artigo 25. Todas as intervencións serán efectuadas dende o atril ou arredores, en calquera caso de pé.

Artigo 26. Debe intervir unha soa persoa por cada quenda do debate. O equipo pode apoiar á persoa que exerce a oratoria mediante notas escritas, de maneira que poida, se o considera, achegarse á mesa a recoller esas anotacións e non á inversa: os membros da mesa non poden achegarse ao atril nin erguerse do asento.

A comunicación entre os membros de cada equipo na mesa será exclusivamente mediante notas escritas. O uso da linguaxe oral será motivo de penalización.

Da mesma maneira, o orador pode en cada quenda de intervención achegarse á mesa do seu equipo para facerse co material que requira en cada momento (material de evidencia sobre as argumentacións expostas, auga, efectos materiais de escenario de debate, etcétera), podendo amosalo tanto aos membros do equipo contrario como aos membros do xurado.

Artigo 27. Unicamente durante as quendas de refutación, os equipos poderán interpelar ao contrincante que exerce nese momento a oratoria, sempre respectando o último minuto, que se considera protexido. As preguntas que se fagan deben comezar antes dese minuto.

Para realizar unha interpelación, levantarase a man, solicitando unha pregunta e seralle concedida a palabra cando o/a orador/a o considere oportuno.

Considérase que debater tamén inclúe conceder a opción a que xurdan as interpelacións, polo que se anima a que sexa concedida a palabra para achegar dinamismo aos debates. Este aspecto nada ten que ver coa continua

solicitude da palabra para facer interpelacións que supoñen interrupcións continuas sen achegas de valor ao debate. Considérase que os/as participantes saberán facer un uso moderado das interpelacións e das concesións de palabra.

As interpelacións non poderán durar máis de 15 segundos e deben ser formuladas como preguntas, polo tanto non se pode usar ese tempo para facer aclaracións, matizacións nin argumentacións.

Artigo 28. Os equipos poden usar canto material se considere oportuno e se axuste ás características técnicas que ofrece a sala de debate.

Todo o material que se vaia usar debe cumprir cunha finalidade de apoio aos argumentos, con sentido común de seguridade e cortesía que se agarda por parte de todos/as os/as participantes.

Artigo 29. Cada membro do xurado encherá unha acta individual na que valorará a actuación dos equipos en cada un dos seguintes aspectos:

a) FONDO:

1. Rigor na argumentación (argumentos con estrutura acorde coa resposta á pregunta do debate, profundidade na liña argumental e veracidade).
2. Valor intrínseco das evidencias de apoio (diversidade, relevancia das fontes documentais usadas e conexión veraz coa argumentación).
3. Capacidade de aproveitamento dos argumentos do equipo contrario, sexa como apoio á postura de defensa ou para a refutación.

b) FORMA:

4. Dominio da expresión corporal (naturalidade, expresividade e autenticidade).
5. Dominio da expresión oral (ritmo, entoación e riqueza).
6. Dominio das interpelacións (concesión da palabra, acerto nas respostas e aproveitamento da ocasión).

c) ELEMENTOS DE VALORACIÓN CARA Á ECONOMÍA SOCIAL:

7. Achegas e actuacións equilibradas por parte dos membros do equipo.
8. Capacidade para finalizar nunha vía de solución de consenso.
9. Capacidade de chegar innovación e valor compartido en cada participación.

Os aspectos antes mencionados serán puntuados de 1 a 10. Cada xuíz ou xuíza outorgará as puntuacións que corresponden por cada aspecto, que serán sumadas, dando os resultados que determinarán o equipo vencedor de cada debate.

De cada sesión de debate debe saír un equipo gañador, de maneira que non está permitido que se chegue a resultados de empate.

En caso de empate, determinarán o equipo gañador os aspectos correspondentes á valoración cara á economía social (aspectos 7. 8. e 9.).

Se aínda así seguira xurdindo un empate, será a persoa que exerce de membro principal do xurado quen tome a decisión de desempate a favor dun dos equipos.

As valoracións na fase final non se farán mediante as actas ordinarias senón que serán efectuadas, seguindo os mesmos aspectos de valoración que nas fases anteriores, pero outorgando resultado global directo. Neste caso, ao igual que en fases previas, en caso de xurdir un empate, será a persoa líder principal do xurado quen tome a decisión de desempate a favor dun dos equipos.

Artigo 30. Será función dos membros do xurado (ben por iniciativa propia, ben por petición da capitanía dun equipo) pedir aos equipos participantes probas (documentos aos que fan referencia ou dados de cifras para apoiar a súa argumentación) que demostren a veracidade de calquera dos datos e argumentos que sexan utilizados e mencionados durante o debate, de ser o caso. Esta acción soamente se poderá levar a cabo unha vez finalice cada debate e sempre antes da publicación final de resultados.

Artigo 31. Faranse deliberacións entre membros do xurado tras o remate de cada debate nunha sala habilitada para este fin. Unha vez cubertas as actas de membro do xurado, a acta xeral e cantas observacións consideren oportunas, estas serán entregadas ao Comité de Competición.

Artigo 32. Unha vez rematadas as deliberacións dos membros do xurado e entregados os resultados ao Comité de Competición, os xuíces e xuízas reuniranse cos equipos para manter unha sesión de intercambio de apreciacións acerca dos puntos fortes do debate e os aspectos de mellora, sen notificar en ningún momento o resultado do veredicto.

Os espazos habilitados para levar a cabo estas sesións de intercambio que non durarán en todo caso máis de 20 minutos, serán comunicados antes da saída do xurado da sala de cada debate ao seu remate.

Chegados á fase de semifinais non se levará a cabo este tipo de sesións de intercambio, dado o avance da competición e a evolución que se espera no traballo dos equipos.

Artigo 33. Considerando que o obxectivo fundamental desta actividade é a do enriquecemento persoal, social e cultural cara á economía social, establécese que as decisións e veredictos de cada xurado poden ser comentadas e

enriquecidas polas opinións dos participantes ante o Comité de Competición por escrito, para achegar melloras ao seu funcionamento. O que se busca é o avance da actividade, o crecemento do coñecemento compartido e non tanto a competitividade.

Artigo 34. O resultado do debate será comunicado polo Comité de Competición a través dunha pantalla visible ao público.

CAPÍTULO VIII. PENALIZACIÓNS

Artigo 35. As penalizacións que se poden establecer son de tres tipos: avisos, faltas leves e faltas graves.

Artigo 36. As penalizacións poden ser impostas soamente polos membros dos xurados que actúan en cada sesión de debate.

Será o/a xuíz/a principal quen, tras rematar a correspondente quenda de intervención, comunique a ou as penalizacións que correspondan, en caso de detectar un incumprimento de regulamento.

Os xuíces deben facer constar nas actas de debate as correspondentes penalizacións de darse o caso.

Artigo 37. Os avisos non supoñen perda de puntuación, soamente serán apreciacións verbais cara ás persoas responsables.

Son motivo de aviso:

- A prolongación en máis de 10 segundos nas quendas de intervención de cada orador/a.
- O desuso de máis de 10 segundos nas quendas de intervención de cada orador/a.
- A prolongación en máis de 5 segundos nas interpelacións.
- O uso das concesións de palabra para formular interpelacións sen formato de pregunta.
- O uso da linguaxe oral entre os membros de cada equipo na mesa mentres transcorre o debate.

Artigo 38. As faltas leves implicarán un desconto de 3 puntos no cómputo total de puntos.

Son faltas leves:

- Acumulación de 2 avisos nun mesmo debate.

- Interpelar ou interromper á persoa que exerce a oratoria durante a súa intervención sen que lle fose concedida a palabra.
- Enunciar unha argumentación falsa, inadecuada para acompañar o argumento principal ou manipulada a criterio do xurado.

Artigo 39. As faltas graves implicarán a perda automática do debate para o equipo responsable.

Son faltas graves:

- Insultos, desacatos ou desprezos ao xurado, ao público ou a calquera dos membros do equipo contrario ou do seu propio, antes, durante ou despois dos debates.
- A pretensión de desempeñarse como membro dun equipo unha persoa que non estivese inscrita na liga como tal, ou a realización de cambios entre os integrantes do equipo de forma irregular.

Artigo 40. As penalizacións servirán como criterios de desempate.

CAPÍTULO IX. NORMAS DE COMPORTAMENTO

Artigo 41. O atraso de máis de 10 minutos da hora estipulada ou a ausencia por parte dun equipo para a súa participación correspondente, considérase motivo suficiente para declarar automaticamente vencedor dese debate ao equipo presente no debate á hora indicada co máximo de puntos.

Se ningún dos equipos está presente na hora e lugar indicados, o debate será declarado polo/a xuíz/a principal como deserto. Interpretase como “equipo presente” cando na sala se atopen, polo menos, 2 integrantes do equipo e 1 máis que exerza a capitanía, debidamente inscritos.

Artigo 42. Durante o debate seguiranse as seguintes pautas básicas:

- a) Manterase un comportamento adecuado en todo momento para o correcto desenvolvemento do debate, tanto dentro da sala como nos corredores.
- b) Durante a realización dos debates non será posible saír nin entrar nas salas de debate mentres un orador ou oradora estea intervindo. Se a entrada de público se producira en medio dun debate iniciado, sempre cando un orador ou oradora remate a súa intervención, deberase ter especial coidado en respectar as **normas** expostas na entrada da sala..

- c) O público asistente ao debate manterá a corrección necesaria para o bo transcurso deste. En especial, gardará silencio, absterase de facer xestos e outras condutas molestas durante as quendas de intervención . Poderá aplaudir ao fin de cada intervención. O público mostrará sempre respecto por ambos equipos, de non ser así, o Comité de Competición e/ou o xurado tomarán as medidas pertinentes. A presenza de público está condicionada polo aforo da sala.

O Comité de Competición e/ou o xurado, a través do/a xuíz/a principal, teñen potestade para expulsar, de forma motivada, a calquera persoa dunha sala de debate ou a calquera compoñente dun equipo por comportamento indebido durante o debate.

- d) Deberanse desconectar os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo que puidera interferir no correcto transcorrer do debate.
- e) A realización de vídeos e fotografías está permitida. Deste xeito contribúese a darlle difusión a este tipo de actividades e poñer en valor o esforzo e mesmo o desfrute dos participantes. O Comité de Competición poderá controlar o número de fotografías con flash realizadas, co fin de evitar molestias cos destelos ás persoas que estean a intervir en cada momento.

